

## **Convocatoria e bases legais: aloxamento no pazo de Sabadelle (Chantada)**

### **BASE 1ª: OBXECTO**

Craega (de agora en diante, o organizador) organiza un sorteo promocional de ámbito local (de agora en diante, sorteo promocional) consistente en premiar ao gañador/a cunha estancia dunha noite para dúas persoas –almorzó incluído- no pazo de Sabadelle (Chantada). Poderase participar desde o **mércores 17 de xullo (15 h.) ata o martes 23 de xullo (00.00 h.)**.

A comunicación do gañador/a farase pública en Facebook, Twitter, Instagram e na web do organizador o **luns 29 de xullo**.

### **CONSIDERACIÓNS XERAIS**

As bases legais, así como os termos e condicións do presente sorteo promocional (de agora en diante, os termos e condicións), estableceñse a continuación:

Toda persoa que participe no concurso acepta todas e cada unha das disposicións descritas nestos termos e condicións. Estas son aplicables, complementáñse e enténdese que forman parte destas condicións particulares para todos os efectos legais (de agora en diante as condicións xerais e, en conxunto coas condicións particulares, serán referidas como as bases e/ou termos e condicións).

Os presentes termos e condicións poderán ser modificados, cancelados ou suspendidos en calquera momento polo organizador. Estes serán difundidos a través dos mesmos medios a través dos que orixinalmente se difundiron, incluíndo, se resultara necesario, aclaracións ou modificacións que non alteren o espírito do sorteo promocional. Calquera situación relacionada coa interpretación dos presentes termos e condicións será dirimida polo organizador.

### **BASE 2ª: DURACIÓN, ÁMBITO E PREMIOS**

A promoción terá lugar desde o mércores 17 de xullo (15 h.) ata o martes 23 de xullo (00.00 h.) na páxina de Facebook do Craega. Sortearase aleatoriamente entre os participantes unha estancia para dúas persoas no pazo de Sabadelle (aloxamento e almuerzo). O propietario do pazo, Xosé Figueroa Lorenzana, concretará co gañador as datas e condicións para disfrutar do premio. Craega non se responsabiliza das posibles perdas, deterioros, roubos ou calquera tipo de accidentes que puideran ocorrer durante o desfrute do premio, toda vez que a súa actuación como organizador conclúe co sorteo e coa posta en contacto entre o dono de Sabadelle e o gañador.

### **BASE 3ª: PARTICIPANTES, DESCRICIÓN E MECÁNICA**

Poderán participar no concurso todas as persoas que sexan seguidoras da páxina de Facebook do Craega.

Para participar é necesario deixar un comentario contestando á dinámica formulada na publicación do concurso, etiquetando a outra persoa con conta en Facebook. Cada usuario pode publicar tantos comentarios como desexe, pero só se contabilizará unha participación por persoa.

Entre todos os que participen correctamente, elixirase mediante sorteo un gañador para o premio asignado, seleccionando tamén tres reservas.

Os gañadores deben confirmar por mensaxe privado en Facebook a aceptación do premio e enviar os seus datos de contacto antes de **30 de xullo ás 14 horas**. Para elo, contactarase con eles a través de Facebook e seranlle solicitados os datos de contacto.

Non poderán participar no sorteo promocional, aquelas persoas que sexan: empregados do organizador (e do propietario do Pazo de Sabadelle), embaixadores/influencers, contas fraudulentas ou de orixe dudosa.

Ademais, os participantes autorizan ao organizador para que a súa imaxe sexa transmitida en vídeos, fotografías e entrevistas persoais sobre o premio, así como na páxina web do sorteo promocional, e en calquera outro medio de comunicación que o organizador elixa para dar a coñecer ao público as vivencias dos gañadores e os seus acompañantes, se fora o caso. Esta autorización non implicará deber algún de remunerar ou compensar aos participantes.

O organizador resérvase o dereito a que os premios queden desertos, no caso de que non se cumpran os requisitos citados nas bases.

O organizador resérvase o dereito a que os premios queden desertos no caso de que non se rexistre un mínimo de 10 participantes válidos.

O organizador resérvase o dereito a descalificar e dar por non válidas aquelas participación nas que se detecten prácticas fraudulentas.

### **BASE 4ª: PROTECCIÓN DE DATOS**

De conformidade co establecido no Art. 5 do Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD), informámoslle que os datos de carácter persoal que voluntariamente nos facilite a través dos distintos formularios, sorteos ou dirección de correo electrónico dispostos a tal efecto serán utilizados unicamente para contestar a aquelas consultas e demandas de información sobre os nosos servizos, que recibamos a través desta canle, así como para o envío de información comercial sobre as actividades e servizos prestados pola nosa entidade, previo requerimento

do interesado. Estes datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade coa que foron recabados e, en todo caso, cando conclúa dita relación procederase á súa supresión, salvo que o interesado manifeste expresamente o contrario, en cuxo caso se arquivarán nun ficheiro de contactos.

O consentimento entenderase prestado, en tanto non nos comunique expresamente a revocación do mesmo a algún dos tratamentos indicados anteriormente. A tal efecto, o usuario poderá darse de baixa dos contactos de e-mails ou manifestar o seu desexo de non recibir ningún tipo de información comercial por calquera das diferentes canles habilitadas ao efecto. Para iso, terá que enviar un e-mail a [craega@craega.es](mailto:craega@craega.es) ou por escrito mediante correo postal ao enderezo: **ronda M<sup>a</sup> Emilia Casas Baamonde s/n, Edificio Multiusos, 27400 – Monforte de Lemos (Lugo)**.

Craega non comunicará nin cederá os datos persoais a terceiros, sen o consentimento previo do interesado, tratándoos de forma totalmente confidencial. En caso de que Craega se propuxera ceder a terceiros os datos persoais dos usuarios recollidos neste sitio, fará unha comunicación aos afectados especificando a identidade dos cesionarios e a finalidade coa que van a tratar os datos que se ceden. En todo caso, este proceso requirirá a aceptación do interesado, salvo naqueles casos previstos legalmente.

Craega comprométese ao cumprimento da súa obriga de segredo dos datos de carácter persoal e do seu deber de gardalos e adoptará todas as medidas de índole técnica e organizativa para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, habida conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que estean expostos, todo elo de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD), e na normativa vixente aplicable en materia de protección de datos.

O usuario da web <https://www.craega.es/> ou das nosas RRSS poderá en calquera momento exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión, limitación e portabilidade ao tratamento dos seus datos persoais, nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD), mediante escrito dirixido ao responsable do ficheiro no seguinte enderezo: **ronda M<sup>a</sup> Emilia Casas Baamonde s/n, Edificio Multiusos, 27400 – Monforte de Lemos (Lugo)**. Xunto co documento debe adxuntar copia do DNI. Tamén pode cumprimentar o procedemento a través do correo [craega@craega.es](mailto:craega@craega.es).